



CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

TABOLEIRO DE ANUNCIOS

Dáse publicidade do literal do Decreto núm. 316/2026 de día 15.05.2026 no que se convoca a sesión extraordinaria e urxente do Pleno do Concello.

<<Descrición decreto: EXPEDIENTE DE CONVOCATORIA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA E URXENTE DO PLENO DE DÍA 18 DE MAIO DE 2026

EXPEDIENTE Nº 2026/G010/000007

DON BERNARDO FERNÁNDEZ PIÑEIRO ALCALDE - PRESIDENTE DO CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA).

En uso das atribucións que me confiren os artigos 21.1 c) da Lei 7/85, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, o artigo 80 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, polo que se aproba o regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, e o artigo 61.1.c da Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración local de Galicia, e tendo en conta a relación de expedientes conclusos redactada pola secretaria accidental da Corporación o día 15.05.2026, conforme ao establecido nos artigos 81.1a) e 177.2 do Real Decreto 2568/86, do 28 de novembro, e o artigo 3.2 do Real Decreto 128/2018, de 16 de marzo, **RESOLVO:**

PRIMEIRO.- Convocar a todas as persoas membro do Pleno da Corporación á **Sesión extraordinaria e urxente** que terá lugar no Salón de Sesións da Casa Consistorial, o próximo **luns día 18.05.2026 ás 09:30 horas** en primeira convocatoria e, no caso de que non existira o quórum preceptivo na primeira convocatoria e segundo o disposto no artigo 90 Real Decreto 2568/1986, entenderase convocada a sesión automaticamente a mesma hora dous días despois.

SEGUNDO. - Fixar para a devandita sesión a seguinte **ORDE DO DÍA:**

- 1 RATIFICACIÓN DA URXENCIA NA CELEBRACIÓN DA SESIÓN.**
- 2 RECOÑECEMENTO EXTRAJUDICIAL DE CRÉDITOS. RELACIÓN DE FACTURA F/2026/7.**
- 3 RECOÑECEMENTO EXTRAJUDICIAL DE CRÉDITOS. RELACIÓN DE FACTURA F/2026/13.**





CONCELLO DE PONTEDEUME (A CORUÑA)

4 MODIFICACIÓN DE CRÉDITO NÚM. 12 NA MODALIDADE DE CRÉDITO EXTRAORDINARIO E SUPLEMENTO DE CRÉDITO.

TERCEIRO.- Que a presente sexa notificada en tempo e forma a todas as persoas que deben de asistir ao Pleno, así como á secretaria xeral e á interventora municipal, e publicar no taboleiro de anuncios do concello e no portal de transparencia do Concello. (www.pontedeume.gal)

CUARTO.- Dar conta ao Pleno da corporación na seguinte sesión que se celebre en cumprimento do establecido no artigo 42 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, por lo que se aproba o regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais.

En Ponte deume, asinado dixitalmente na data que figura na marxe polo Sr. Alcalde Bernardo Fernández Piñeiro, do que eu, María Roca Vázquez, como secretaria accidental, dou fe. (Asinado aos efectos exclusivamente do artigo 3.2 do Real decreto 128/2018, de 16 de marzo e o artigo 2.1 do Decreto 24/2018, do 15 de febreiro)>>.

En Ponte deume, asinado dixitalmente na na data que figura na marxe pola persoa funcionaria tramitadora así como pola Secretaria accidental do concello de Ponte deume María Roca Vázquez. (Asinado aos efectos do artigo 3.2 do RD 128/2018 de 16 de marzo e o artigo 2.1 do decreto 24/2018 do 15 de Febreiro).

